

CONVENIO PLURIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA E O CENTRO AZKUNA DE OCIO Y CULTURA S.A. PARA A EXHIBICIÓN NAS SÚAS SEDES DA EXPOSICIÓN DA ARTISTA ÁNGELA DE LA CRUZ *HOMELESS*

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Políticas Culturais da Consellería de Cultura e Turismo, **DECLARA:**

Que esta dirección xeral formalizou co centro Azkuna de Ocio y Cultura S.A o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Determinar as condicións de colaboración entre a Consellería e o centro Azkuna de Ocio y Cultura S.A para a exhibición nas súas sedes (no caso da consellería o CGAC), da exposición da artista Ángela de la Cruz, comisariada por Carolina Grau: *Homeless*.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

Que as dúas partes, conscientes da importancia de achegar a cultura aos cidadáns, a través do desenvolvemento de actividades propias do seu ámbito de competencia, entre as cales figuran o fomento e desenvolvemento da cultura, a súa promoción e divulgación, teñen un interese común e coincidente, considerando conveniente a colaboración entre ambas as dúas para a coprodución e exhibición dunha exposición retrospectiva da artista galega Ángela de la Cruz (A Coruña, 1965) e acoller nas súas sedes esta exposición. Trátase da primeira retrospectiva da artista galega Ángela de la Cruz, única artista española finalista do prestixioso Premio Turner no ano 2010 e Premio Nacional das Artes Plásticas 2017.

A exposición será deseñada e producida por ambas as partes, de aí a exclusividade do obxecto deste convenio así como da disposición dos dereitos necesarios para a súa exhibición e presentarse tanto en Azkuna Zentroa como no CGAC, conseguindo beneficiosas condicións para ambos os centros, dando unha maior divulgación e difusión da citada produción o cal sen dúbida redundará nun maior prestixio tanto da exposición como das partes que subscriben o presente convenio.



A mostra percorrerá varias etapas da carreira da artista onde se verá a evolución da súa linguaxe. Comezando polas súas primeiras obras, os seus traballos exhibidos en Manifesta 5 (2004) en Donostia-San Sebastián, a súa obra *Clutter with wardrobes (Conglomerado de armarios)* onde comeza a incorporar ás súas obras obxectos e mobles, e finalizando cos seus últimos traballos desde o ano 2010 ata agora.

Por todo isto, para alcanzar unha maior eficacia na execución das actuacións, dado o interese común das partes asinantes que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan o presente convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, aos efectos da súa remisión ao Rexistro de convenios, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela o 25 de outubro de 2018.

